



XUNTA
DE GALICIA

CEIP
A IGREXA-CALO

Lugar Fixó 14, TEO
15866 A Coruña
881 866 483
ceip.igrexa.calo@edu.xunta.gal



Proxecto Educativo de Centro (PEC)

CEIP A Igrexa – Calo



CEIP
A IGREXA
CALO

Camiñamos Contigo



INTRODUCCIÓN

O Proxecto Educativo de Centro é un instrumento que serve para dinamizar e mellorar o proceso educativo e a actuación coordinada e eficaz do Equipo Docente e de toda a Comunidade Educativa.

A súa elaboración faise a partires da análise da realidade do propio Centro, do seu contorno e das necesidades educativas específicas dos alumnos.

I.-PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

II.-ÁMBITO DE APLICACIÓN

- a) Localidade e poboación
- b) Características socioeconómicas
- c) Análise da localización do Centro
- d) Mapa escolar da área influencia

III.-ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

- a) Calendario e xornada escolar
- b) Libros de texto e outros materiais curriculares
- c) Réxime administrativo
- d) Conservación e seguridade das instalacións
- e) Uso das instalacións escolares

IV.-FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

V.-PROXECTO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)



VI.-PROXECTO LECTOR (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web.

Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

VII.-PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

VIII.-PLAN DE CONVIVENCIA (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

IX.-PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

X.- CONCRECIÓN CURRICULAR (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

XI.-NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

XII PLAN DE AURTOPROTECCIÓN (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

XIII.-OFERTA DE OPTATIVAS E SERVIZOS

XIV. -COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL COS SERVIZOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO



I.-PRINCIPIOS DE IDENTIDADE

O CEIP A IGREXA – CALO maniféstase ideolóxicamente como pluralista, aconfesional e libre de calquera tendencia ideolóxica ou política determinada. De acordo con este pluralismo, toda persoa que traballe no centro evitará a máis mínima labor de propaganda no seu interior.

Intentarase dar ao alumnado informacións obxectivas para que, progresivamente, vaian formando os seus propios criterios, e analizando a realidade, poidan tomar decisións propias e responsables.

Este centro ofrecerá unha formación ética, cívica e moral baseada nos Dereitos Humanos. Esta formación será PLURALISTA na medida en que non excluírá a ninguén por mor da súa procedencia, relixión, ideoloxía, nivel económico, social, ... DEMOCRÁTICA en canto aos valores educativos a transmitir, así como tamén a xestión do centro, polo que as actitudes, valores e normas que procuramos desenvolver no noso alumnado son de respecto e liberdade, no exercicio da tolerancia e dentro dos principios democráticos de convivencia e dun ambiente de traballo responsable e solidario que posibilite a realización persoal de cada un.

Por último, pretenderase potenciar o máximo posible a coeducación, tratando de eliminar as actitudes sexistas na tarefa educativa, orientando as actividades cara a unha educación na igualdade dentro da diversidade, sen discriminacións por razóns de sexo.

II.-AMBITO DE APLICACIÓN

a) Localidade e poboación

TEO é un municipio que forma parte da comarca de Santiago. Consta de trece parroquias: Bamonde, Calo, Cacheiras, Lucí, Luou, Oza, Rarís, Recesende, Reis, Teo, Lampai, Vilariño e Os Tilos. A súa poboación é de 18.778 habitantes.

b) Características socioeconómicas

Por sectores, as actividades agropecuarias ocupan o 2,8%. No sector secundario, que agrupa o 28,2% da poboación activa, o reparto é practicamente igualitario entre a industria (14,2%) e a construción (14%). Encabézano as empresas transformadoras de madeira e metal. O terciario é o sector que ocupa a maior parte da poboación activa en Teo, o 69%. A maior parte dos empregados sitúanse no sector comercial, tanto por parte dos que traballan no propio municipio como os que se desprazan a Santiago.

Debido á situación periférica respecto de Santiago fixo que moitas empresas compostelanas se asentaran nas parroquias de Cacheiras, os Tilos e Calo onde o chan é mais barato e dispón de boas comunicacións.

c) Análise da localización do Centro

O Centro está ubicado no lugar de A Igrexa, na parroquia de San Xoán de Calo. Calo está situado na ruta marítima do Camiño de Santiago, tamén coñecida como ruta do mar de Arousa e do río Ulla. O topónimo "Rúa de Francos" provén do tradicional paso de peregrinos por esta localidade.

d) Mapa escolar da área de influencia

O ámbito de escolarización do CEIP A IGREXA – CALO abarca as parroquias de San Xoán de Calo, Santa M^a de Lampai e Santa M^a de Luou.

A unitaria ascrita ao centro : Casalonga (Inf. e 1º Ciclo de Primaria)



III.-ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

a) Calendario e xornada escolar

En canto ao calendario escolar, este centro, como público, atérase ao fixado pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Dito calendario será de obrigado cumprimento. Calquera modificación que se pretenda facer terá que ser aprobada polo Consello Escolar, logo do informe favorable do Claustro e a correspondente autorización da Delegación de Educación.

O horario lectivo do alumnado será, de luns a venres, de cinco horas diarias e co número de sesións que prescriba a programación xeral anual, de acordo coa lexislación vixente.

b) Libros de texto e outros materiais curriculares

Os libros de texto que se utilicen no centro escolar contarán coa preceptiva autorización. Calquera decisión ou iniciativa sobre a implantación de libros de texto e outros materiais curriculares realizarase por proposta do equipo de ciclo, estudiada pola comisión de coordinación pedagóxica, aprobada polo claustro e comunicada ao Consello Escolar.

O Centro atérase ás normas fixadas pola Administración nas que se establece que os materiais que se empreguen nas áreas que se deben impartir en lingua galega, terán que estar en galego.

Os libros de texto non poderán ser substituídos antes do tempo estipulado, excepto por algunha circunstancia excepcional. De ser así, deberá obterse a correspondente autorización da delegación provincial de educación, logo da solicitude realizada pola dirección do centro antes do 15 de maio, se así o acordasen previamente o Claustro e o Consello Escolar.

En Educación Infantil e no 1º e 2º niveis de E. Primaria, dadas as características dos materiais curriculares, haberá unha maior flexibilidade á hora de substituír o material didáctico, por non poder ser reutilizado en cursos posteriores.

Na primeira quincena do mes de xullo, exporase no taboeiro de anuncios do centro a relación dos libros de texto e materiais curriculares que se utilizarán no seguinte ano académico.

Despois de facer pública a citada relación, non se poderá introducir nela ningunha modificación que signifique cambio de criterio.

c) Réxime administrativo

A secretaria será a encargada de ordenar o réxime administrativo do centro de conformidade coas directrices da Dirección, así como de levantar acta das reunións dos órganos colexiados de goberno e da comisión económica, custodiar os arquivos do centro, expedir as certificacións co visto e praxe do director, manter actualizado o inventario xeral do centro e demais actos administrativos que a lexislación lle atribúa.

En toda a documentación oficial expedida polo centro figurará un encabezado no que consten, ademáis do escudo, todos os datos oficiais do centro.

O selo do cotexo só poderá ser usado polo secretario e, se é o caso, polo director, para cotexar todos aqueles documentos que emita ou deban ser presentados no centro.

No centro existen dous taboeiros de anuncios, un na entrada para informar aos pais/nais e outros membros da comunidade educativa, e outro na sala do profesorado para servizo do mesmo e para uso sindical.

d) Conservación e seguridade das instalacións

Correspóndelle ao Concello a conservación, mantemento e vixiancia do edificio e demais instalacións do centro, e á Consellería de educación a súa mellora.

O conserxe e todos os membros do Claustro velarán polo bo estado das instalacións, sen prexucio da colaboración dos demais membros da comunidade educativa.

e) Uso das instalacións

Para a utilización das instalacións deste Centro por parte de entidades ou persoas alleas á comunidade escolar, deberá presentarse unha solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Delegación Provincial de Educación, que resolverá o que proceda, logo do informe da Inspección Educativa.

Para uso ocasional e con carácter excepcional, a Dirección poderá autorizar o uso das



instalacións sempre que non se altere o desenvolvemento normal das actividades docentes.

O uso das instalacións por parte da ANPA , sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só require a solicitude previa á Dirección do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización, no marco das directrices fixadas polo Consello Escolar, se o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre e cando non se altere o normal funcionamento do centro.

As instalacións do centro estarán sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos de adultos,e outras actividades que dita Administración considere.

Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG 02/09/97) Pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

IV.- FINS E INTENCIÓNS EDUCATIVAS DO CENTRO

Potenciarase unha metodoloxía integradora, activa e participativa na que se desenvolvan a iniciativa e a creatividade.

- A actividade educativa dirixirase a ofrecer contidos de aprendizaxe que teñan sentido para todo o alumnado e estean relacionados cos esquemas de coñecemento que xa teñan incorporados.
- Desenvolverase no alumnado unha competencia idiomática similar en galego e castelán, de maneira que o alumnado poda cursar calquera área nun ou noutro idioma indistintamente.
- Estimularanse procesos educativos mediante o uso de materias multimedia, preparando ao alumnado para o uso dos mesmos, así como tamén se promoverá a sistematización do seu uso entre o profesorado nas distintas áreas.
- Promoveranse procesos de integración escolar nas minorías étnicas e culturais, evitando a formación de grupos separados do resto de compañeiros.
- Respetarase o ritmo de aprendizaxe, tendo en conta as capacidades e as circunstancias persoais de cada alumno, adecuando as nosas accións a tal fin (reforzo, adaptacións curriculares...)

- Favorecerase a aprendizaxe cooperativa mediante agrupamentos equilibrados, evitando calquera tipo de discriminación e favorecendo a igualdade de oportunidades. En ningún caso poderá ser criterio de agrupamento permanente do alumnado a capacidade intelectual ou o rendemento escolar.
- Respetaranse e valoraranse as calidades persoais de cada un dos membros desta comunidade educativa, así como as súas aportacións á mesma.
- Promoveranse hábitos de traballo en equipo no profesorado, favorecendo así a coordinación no traballo de aula coma noutras tarefas.
- Fomentarase que todos os membros da comunidade escolar traballen e convivan de forma armoniosa para facer o proxecto educativo máis viable.
- Levarase a cabo unha formación educativa que axude a superar desigualdades, xa sexan físicas, psíquicas, económicas sociais, etc. E que favorezca o máximo desenvolvemento das capacidades e valores individuais.
- Fomentarase un entorno acolledor que posibilite un ambiente de traballo responsable e solidario e favoreza a realización persoal de todos os membros do colectivo.
- Fomentarase o sentimento de identidade europea, acorde coas orientacións do Parlamento Europeo que supón vivir na " aldea global " na que se está a converter o mundo actual. Matizar que o sentimento de " cidadáns de Europa " non pode presupoñer sentimentos peyorativos cara a outros cidadáns do mundo, senón superar os límites locais, autonómicos e nacionais.
- Manteranse relacións sistemáticas de colaboración e coordinación coa administración local e autonómica, así como co resto de centros da zona.
- Respetarase o Regulamento de Réxime interno.
- Distribuiranse equitativamente os fondos do centro a partires dos proxectos presentados por calquera órgano e considerando as prioridades establecidas polo Claustro.

Por último, citar que debe entenderse de forma implícita a inclusión de todos aqueles obxectivos fundamentais enunciados pola normativa oficial.

V.-PROXECTO LINGÜÍSTICO (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)



VI.-PROXECTO LECTOR (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web.

Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

VII.-PLAN DE INTRODUCCIÓN DAS TIC (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

VIII.- PLAN DE CONVIVENCIA (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

IX.- PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

X.-CONCRECIÓN CURRICULAR (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

XI.-NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

XII.- PLAN DE AURTOPROTECCIÓN (ver outros [documentos do centro publicados](#) na páxina web. Tamén están a disposición da Comunidade Educativa na secretaría do centro)

XIII. -OFERTA DE OPTATIVAS E SERVIZOS

As únicas asignaturas optativas coas que conta o centro son Relixión ou Atención Educativa. No momento de formalizar a matrícula os pais/nais ou titores legais do alumnado deberán cubrir e asinar un impreso, no que farán constar a súa vontade de que o seu/súa fillo/a reciba ensinanza de relixión católica ou ben actividades de biblioteca (lectura, consulta,...), de ludoteca ou actividades relacionadas co medio ambiente. Esta elección manterase normalmente durante todo o período que o alumnado permaneza no centro. Os pais /nais ou titores legais poderán solicitar o cambio de optativa dun curso para outro se o consideran oportuno, pero sempre a principio de curso.



En canto aos servizos o centro dispón de comedor escolar cunha oficial segunda de cociña e tres axudantes. Neste servizo colaboran os/as pais/nais no coidado e vixianza do alumnado. O servizo de limpeza está cuberto por dúas persoas dependentes dunha empresa contratadas polo Concello, mentres que a conserxe depende directamente do Concello.

O Centro tamén dispón de transporte escolar debido a dispersión do alumnado. A Consellería ten contratados tres autobuses cos seus respectivos coidadores/as.

O regulamento actual de comedores recóllese no Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG6/2/2007) e na Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG 5 /3/ 2007) pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

XIV.-COLABORACIÓN E INTERCAMBIO CULTURAL COS SERVICIOS SOCIAIS E EDUCATIVOS DO CONCELLO

As relacións coa Concellalía de Educación serán cordiais polo ben do Centro. A Dirección do Centro seguirá poñendo boa vontade para manter un clima de cordialidade e colaboración co/coa representante do mesmo no Consello Escolar.

En canto aos servizos de Asistencia Social temos que dicir que, nos casos en que tiveron que intervir, a súa actuación foi correcta e moi profesional. Seguiremos traballando nesta liña polo ben de todos.

Así mesmo o Centro participará naquelas actividades ofertadas polo Concello ou por calquera outra entidade do contorno.